

Acordo do 6 de maio de 2025, do Consello de Goberno, polo que se aproba a Convocatoria de Premios Extraordinarios de Doutoramento da Universidade da Coruña correspondentes ao curso académico 2023/24

O artigo 32.2 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno do 01/10/2024 e modificado na sesión do 07/11/2024, establece que lle corresponde ao Consello de Goberno aprobar a Convocatoria anual dos Premios Extraordinarios de Doutoramento, logo da proposta da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña.

De acordo con isto, o Consello de Goberno acorda convocar os Premios Extraordinarios de Doutoramento do curso 2023/24 coas seguintes bases:

Artigo 1. Obxecto

O obxecto deste convocatoria é conceder os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso académico 2023/24.

Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes

Poderán participar nestes premios as persoas doutoras que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a tese de doutoramento se defendera entre o 01/09/2023 e o 31/07/2024.
- b) Que a tese obtivera a cualificación de «sobresaliente» e se lle outorgara a mención de *cum laude*.

Artigo 3. Presentación de solicitudes

1. As persoas doutoras deberán presentar as súas solicitudes conforme o anexo I. Xunto coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Un exemplar da tese en formato electrónico.
- b) Un currículo abreviado (CVA) da persoa solicitante en que consten exclusivamente os méritos directamente relacionados coa tese.

O currículo abreviado co formato CVA (AEI) poderase elaborar a través da ligazón da Fundación Española para la Ciencia y Tecnología (FECYT) de acordo coas instrucións que figuran na páxina:

https://www.aei.gob.es/sites/default/files/convocatory_info/2024-01/Instrucciones-CVA-2023-050124.pdf.

Aquelas persoas solicitantes que desexen incluír méritos de categorías que non están recollidas no formato CVA (AEI) poderanos incluír, en formato libre, utilizando o apartado B. Resumo do CV do CVA (AEI).

2. As solicitudes dirixiranse á Oficina de Doutoramento e poderanse presentar:

- no [Rexistro Electrónico da UDC](#), no caso de dispoñer de certificado dixital
- en calquera oficina de rexistro da Universidade:

- a) Rexistro Xeral. Reitoría. A Mestranza 9, 15001 A Coruña.
- b) Rexistro da Escola Internacional de Doutoramento. Casa do estudantado. Campus de Elviña, 15008 A Coruña.
- c) Rexistro Auxiliar de Ferrol. Edificio de Usos Administrativos (1º andar). Campus de Esteiro, 15403, Ferrol

- ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). De se utilizar esta forma haberá que enviar unha copia da solicitude ao correo electrónico terciclo@udc.es.

Artigo 4. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes e a documentación asociada será de 15 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no [Taboleiro Electrónico Oficial \(TEO\)](#) da UDC.

Artigo 5. Listaxe provisional e definitiva de solicitudes admitidas e excluídas

1. Unha vez que finalice o prazo para presentar as solicitudes, a Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC) revisará estas para comprobar que cumpran cos requisitos establecidos nos artigos 2 e 3. Logo de as revisar, elaborará unha listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas, que publicará no [TEO da UDC](#) e na [páxina web da EIDUDC](#).

2. Contra esta listaxe provisional poderanse presentar alegacións ou achegar documentación nun prazo de dez días hábiles, que comezará ao día seguinte da súa publicación no [TEO](#). As alegacións ou a documentación poderanse presentar polos medios indicados no artigo 3.2.

3. A EIDUDC resolverá as alegacións e publicará a listaxe definitiva no [TEO](#) da UDC e na súa [páxina web](#), indicando os recursos que procedan.

Artigo 6. Avaliación das teses e número de premios

1. Cada tese será avaliada segundo o programa de doutoramento en que foi defendida. Para este fin, os programas de doutoramento están agrupados por ámbitos de coñecemento (anexo II).

2. O número de premios que se convocan para cada ámbito de coñecemento recóllese no anexo III.

3. No anexo IV pódese consultar unha relación nominal das persoas doutoras que, con carácter informativo e non vinculante, poderán optar a cada un dos premios.

Artigo 7. Tribunais avaliadores

1. A Comisión Permanente da EIDUDC nomeará un tribunal para cada un dos ámbitos de coñecemento que se indican no anexo I. Cada tribunal (Tribunal PED) estará formado, como mínimo, por cinco membros titulares e dous suplentes.

2. Estes tribunais serán os encargados de elaborar a proposta de concesión de Premios Extraordinarios de Doutoramento.

3. Na composición dos tribunais garantirase a presenza equilibrada de homes e mulleres, así como a representación dos diversos ámbitos de coñecemento implicados.

4. Para poder formar parte dun destes tribunais, os/as membros terán que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Contar, polo menos, cun sexenio de investigación concedido.
- b) Non ser directores/as, codirectores/as ou titores/as das teses que optan aos premios extraordinarios.
- c) Non ser coautores/as de patentes, artigos ou traballos relacionados co contido das teses que concorren ao premio.

5. A presidencia de cada Tribunal PED convocará as sesións do tribunal, e a EIDUDC publicará a lista de centros onde se celebrarán as sesións dos diferentes tribunais.

Artigo 9. Criterios de selección

1. Unha vez constituídos, cada Tribunal PED determinará os criterios de selección que lle enviará á EIDUDC para que os publique xunto á proposta de resolución de premios extraordinarios. Estes criterios terán en conta, como mínimo:

- a) A cualificación que cada membro do tribunal lle asigne á tese de forma confidencial.
- b) A valoración do currículo abreviado relacionado coa tese. En particular valoraranse:
 - As patentes concedidas, así como os libros ou artigos publicados en revistas científicas derivados dos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - As presentacións ou actas de congresos que se orixinaron cos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.

2. Só se valorarán aqueles méritos de investigación ou transferencia de tecnoloxía que estean directamente relacionados co contido da tese.

3. En ningún caso se requirirá que as persoas solicitantes realicen exercicios ou probas adicionais.

Artigo 10. Criterios para a distribución dos premios

1. Se o número de teses defendidas e declaradas aptas e asignadas a cada tribunal PED fose igual ou superior a 10, cada tribunal PED poderá conceder unha mención de premio extraordinario por cada 10 teses ou fracción.

2. Se o número de teses defendidas e declaradas aptas nun ámbito de coñecemento durante un curso académico fose inferior a 10, pero igual ou superior a 5, convocarase un premio extraordinario para ese ámbito de coñecemento.

3. No caso de que o número de teses defendidas e declaradas aptas nun ámbito de coñecemento durante un curso académico fose inferior a 5, non se convocará un premio extraordinario deste ámbito. Neste caso, as teses dese curso sumaranse ás defendidas e declaradas aptas no seguinte curso e, se a suma chega a 5, convocarase o premio extraordinario.

4. Para cada tese, a EIDUDC enviaralle á presidencia do tribunal PED a composición do tribunal que xulgou a tese, xunto cos informes confidenciais que elaborou o dito tribunal nun sobre pechado. Todas as persoas que integran o Tribunal PED terán acceso a esta información unha vez que se establezan os criterios de selección.

Os informes de cada tese conservaranse xunto coas actas do tribunal PED. Se o tribunal PED necesita información adicional para elaborar a súa proposta, poderalla solicitar á EIDUDC.

5. Os tribunais PED poderán propoñer que as mencións dos premios queden desertas.

Artigo 11. Avaliación, proposta de resolución e resolución

1. Unha vez consensuados os criterios de selección dos premios, cada tribunal PED examinará a documentación recibida. Tras as deliberacións, seleccionará por maioría dos membros as teses que merezan o premio extraordinario, axustándose ao número de premios que se convocasen.

2. A presidencia de cada tribunal PED remitiralle á EIDUDC a proposta de resolución de premios extraordinarios xunto cos criterios de selección para a súa publicación na súa [páxina web](#).

3. Contra esta proposta de resolución abrírase un prazo de 10 días hábiles, que comezará ao día seguinte da súa publicación na páxina web da EIDUDC, para presentar alegacións dirixidas á presidencia do tribunal PED correspondente polos medios indicados no artigo 3.2. Se as alegacións se presentan a través do Rexistro electrónico da UDC, deberán ir dirixidas á Oficina de Doutoramento e no texto das alegacións haberá que indicar o tribunal PED ao que corresponden.

4. O tribunal elaborará un informe sobre as alegacións, en que xustificará se ratifica ou modifica a proposta de resolución. Esta decisión seralle notificada á persoa interesada

5. Unha vez resoltas as alegacións, o tribunal PED enviaralle unha proposta de resolución á Comisión Permanente da EIDUDC para que lla remita á Secretaría Xeral.

6. Os Premios Extraordinarios de Doutoramento concederanse por acordo do Consello de Goberno e publicaranse no [TEO da UDC](#). Contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o propio Consello de Goberno, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

7. As persoas doutoras que obteñan o Premio Extraordinario de Doutoramento

estarán exentas de aboar os prezos públicos pola expedición do seu título de doutor/a.

Artigo 12. Protección de datos persoais

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.
2. Solicitar un destes premios implica aceptar o contido deste acordo e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, segundo a LOPD, para conceder os Premios Extraordinarios de Doutoramento da UDC. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.
3. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na documentación administrativa destes premios, no [TEO da UDC](#) e na [páxina web da EIDUDC](#), segundo o disposto na disposición adicional sétima da LOPD. O acordo desta convocatoria quedará publicado nos lugares indicados. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.
4. A persoa interesada consente o tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

Disposición final primeira. Recursos

Contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o propio Consello de Goberno, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Disposición final segunda. Eficacia

Este acordo producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo Cao Abad

ANEXO I. Solicitude para optar aos Premios Extraordinarios de Doutoramento. Convocatoria 2023/24

DATOS PERSOAIS			
Apelidos		Nome	DNI/NIE/Pasaporte
Enderezo para efectos de notificación			Localidade
Provincia	Código postal	Teléfono	Correo electrónico

DATOS ACADÉMICOS	
Programa oficial de doutoramento	
Ámbito de coñecemento	Data de defensa da tese de doutoramento

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA
☐ Exemplar en formato electrónico da tese de doutoramento.
☐ Currículo abreviado en formato CVA (AEI).

(Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no artigo 12 desta convocatoria)

A Coruña/Ferrol,de de 20.....

ANEXO II. Agrupación de programas oficiais de doutoramento por ámbitos de coñecemento

ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE

- Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
- Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
- Saúde e Motricidade Humana
- Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar

ARQUITECTURA

- Arquitectura e Urbanismo

ARTES E HUMANIDADES

- Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Estudos Lingüísticos
- Estudos Literarios
- Lóxica e Filosofía da Ciencia
- Sociedade do Coñecemento: Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades
- Novas perspectivas en documentación, comunicación e humanidades.

BIOLOXÍA

- Bioloxía Celular e Molecular
- Biotecnoloxía Avanzada
- Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
- Investigación Agraria e Forestal
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica

CIENCIAS DA SAÚDE

- Ciencias da Saúde
- Nanomedicina
- Neurociencias

DEREITO

- Dereito

- Dereito Administrativo Iberoamericano

ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA

- Análise Económica e Estratexia Empresarial

EDUCACIÓN

- Ciencias Sociais e do Comportamento
- Equidade e Innovación en Educación

ENXEÑARÍA CIVIL

- Enxeñaría Civil

FÍSICA E QUÍMICA

- Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
- Física Aplicada
- Láser, Fotónica e Visión
- Química Ambiental e Fundamental

INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS

- Computación
- Estatística e Investigación Operativa
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns
- Tecnoloxías da Información e das Comunicacóns en Redes Móviles

TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS

- Enerxía e Propulsión Mariña
- Enxeñaría Naval e Industrial

ANEXO III. Número de premios que se convocan en cada ámbito de coñecemento. Convocatoria 2023/24

Ámbito de coñecemento	Número teses defendidas	Núm. de premios convocados
ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE	15	2
ARQUITECTURA	4	Non convoca premio
ARTES E HUMANIDADES	10	1
BIOLOXÍA	19	2
CIENCIAS DA SAÚDE	20	2
DEREITO	9	1
ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA	4	Non convoca premio
EDUCACIÓN	7	1
ENXEÑARÍA CIVIL	7	1
FÍSICA E QUÍMICA	13	2
INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS	21	3
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS	7	1

ANEXO IV. Relación de persoas doutoras que se poden presentar

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE	Cuevas Matínez, Claudia Da Silva Monteiro de Macedo, Ana Júlia Fraga Germade, Enrique García García, Isabel González Freire, Lara López López, Claudia Magalhães Pinto de Sousa, Luís António Rodríguez Ferreiro, Marlene Santiago Alonso, Miguel Suárez García, Patricia Vega Díaz, Marta Veríssimo Martíns da Silva Migueis, Helena Sofía Viqueira Gutiérrez, Laura
ARQUITECTURA	Non convoca premio
ARTES E HUMANIDADES	Baltazar González, Héctor Bermúdez de Castro Olavide, Ignacio Bonome García, Antonio José Currás Prada, María Paula Fraga Pires Toste, Andrea de Guzzi, Eleonora Mihura López, María del Rocío Ramiro Aparicio, Darío Miguel

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
BIOLOXÍA	Barroso Lucena, María do Porto Bressan, Emiliano Miguel Cerón Martí, Felipe Alfredo Conde Pérez, Kelly Dalto de Souza, Isabela Malaquíás Dos Santos Pereira, Diego Fernández Blanco, Carla García Cárdenas, Jennyfer Guillén Fajardo, Rebeca María Gutián Caamaño, Amanda Lasarte Monterrubio, Cristina Otero Fariña, Fátima María Robles Iglesias, Raúl Salamini Montemurri, Martín Santos Nogueira, Deise Cristina Torrado Blanco, Laura Trigo Tasende, Noelia Zambrano Espinosa, Ana Karina

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
CIENCIAS DA SAÚDE	Bleriot Rial, Inés María Carballo Pedrares, Natalia Cibeira González, Nuria Cigarrán Guldris, Secundino José Constanso Conde, Ignacio Cordido Carro, María Lamounier Junior, Arsonval Madinabeitia Mancebo, Elena Martín Pozuelo, Nuria Martínez Bustelo, Sandra Navas Arrebola, Rocío Pacios Santamaría, Olga Piñón Esteban, Pablo Raga Sivira, Ana Cecilia Sagastagoitia Fornie, Marta Sanchez Bao, Ana María Triviño Yannuzzi, Vanessa Alexandra Veiga Seijo, Raquel Vidal Cortés, Pablo
DEREITO	Blanco Moa, José Antonio Dobarro Gómez, Cristóbal Martín Aláez, Francisco Javier Pensado Sande, Jaime Silva Chicaiza, Emma Roxana Villacreses Valle, Jaime Andrés Vivas Roso, Jessica
ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA	Non convoca premio
EDUCACIÓN	Chiriboga Cisneros, Edison Fernando Corral Fachal, Laura Gómez Leiras, Ana Isabel Meléndez Lucas, Jennifer Nogueira Domínguez, Julia Rial Gómez, Beatriz

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
ENXEÑERÍA CIVIL	García-Alén Lores, Gonzalo Méndez Vázquez, Santiago Quintela Suárez, Juan Rodríguez-Segade Alonso, Miguel María Rojo López, Gemma
FÍSICA E QUÍMICA	Ageitos Castiñeiras, Lucía Aguilar Ramírez, Silvio David Barravecchia Prado, Liliana Inés De la Fuente Ferreiro, Borja García Bello, Deborah García Ben, Javier Novo Quiza, Natalia Novo Valencia, Paula Pena Bonhome, Celia Pérez Guevara, Raquel Sar Rañó, Antía
INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS	Bediaga Bañeres, Harbil Carracedo Reboredo, Paula Castiñeiras Rella, Jorge Froiz Míguez, Iván García González, Daniel Lizancos Vidal, Plácido Francisco Mazón Oliveira, Bertha Eugenia Méndez Fernández, Isabel Muñiz Castro, Brais Novoa Paradela, David Otero Freixeiro, David Pérez Vila, Miguel Anxo Puente Castro, Alejandro Ráfales Pérez, Jonatan Ren, Shumin Sagartzazu Sorazu, Xabier Sequeiros Ferreiro, Carlos Xosé Teijeiro Paredes, Diego

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS	Coello Pisco, Silvia Magdalena Fernández Gutiérrez, Jana Fernández Serantes, Luís Alfonso Ruiz Zardoya, Ander Sánchez Jiménez, María García Urbieto, Jon Guerreiro Santalla, Sara

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 29/04/2025

A secretaria xeral